

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2019

PABLO CAROU BARROS

José Villaamil y Castro e a paixón pola cultura galega

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº4 · 2019

ARTIGO

*José Villaamil y Castro e a
paixón pola cultura galega*

Pablo Carou Barros

PALABRAS CHAVE

José Villaamil y Castro, Historia da Arte, Prehistoria, Patrimonio artístico

RESUMO

O traballo pon de relevo a importancia de José Villaamil y Castro na historia contemporánea de Galicia. Documenta a súa vida, a súa formación e a súa traxectoria, na que se ponderan os recoñecementos recibidos en vida.

En canto á súa produción científica, de carácter interdisciplinario, pónense de relevo especialmente as súas achegas no ámbito da arte moble e inmoble de Galicia, singularmente medieval, e no da prehistoria e das excavacións arqueolóxicas. Sublíñase o carácter científico do seu método e o seu exemplar empeño na conservación e recuperación do patrimonio artístico galego. Finalmente explícase a íntima relación colaborativa de José Villaamil y Castro con Murguía.

KEYWORDS

José Villaamil y Castro, Art History, Prehistory, Art Heritage

ABSTRACT

This work highlights the significance of José Villaamil y Castro in Galician contemporary history. It supplies documentary evidence to his life, education and training, and his career, along with the acknowledgement he received in life.

Regarding to his interdisciplinary scientific production, the article emphasises his contributions in the field of Galician immovable and movable cultural heritage, particularly medieval, and also in prehistory and archeological excavations. It also underlines the scientific nature of his method and his exemplary determination in conservation of the Galician artistic heritage. At last it explains the intimate and collaborative relation José Villaamil had with Murguía.

O recente descubrimento dunha carta inédita da escritora Rosalía Castro, é o motivo que dá pé para escribir estas liñas que poñen de manifesto as relacións interpersoais entre os intelectuais galegos do século XIX^[1].

A mencionada epístola é a resposta de Rosalía ao erudito José Villaamil y Castro. Pero, quen é esta personaxe que hoxe en día quedou esquecida na historia de Galicia?

Deixemos que sexa o home de Rosalía, Manuel Murguía, quen nos presente a través da necrolóxica que no 1910 redacta para o *Boletín da Real Academia Galega*:

Nació en Madrid, pero estaba enteramente unido a Galicia por las gloriosas generaciones de sus antepasados. Gracias a esto, pasó su infancia y primera juventud en Mondoñedo en donde radicaban los solares de sus ilustres apellidos, y a cuyo suelo sagrado estaba asimismo unida su vida, sus afecciones, sus más santos recuerdos^[2].

Como ben di Murguía, José Eugenio Leopoldo Villaamil y Castro^[3], nado en Madrid o 15 de novembro de 1838, e falecido na mesma cidade aos 72 anos dun coma diabético o 27 de setembro de 1910^[4], estaba moi vinculado a Galicia pois era fillo de José Villaamil y Albareda, gaditano e empregado da Real Hacienda, e de Petra de Castro y Cavia, madrileña, ambos os dous fidalgos de orixe galega con solar en Mondoñedo e extensas posesións na Provincia de Lugo.

Antes do seu establecemento en Mondoñedo estudara no Colexio de Humanidades, da rúa Ballesta, incorporado á Universidade Central de Madrid, onde estuda primeiro curso de filosofía entre 1849 e 1850.

No ano 1857 posiblemente para administrar mellor os bens que posuían en Galicia, os Villaamil y Castro trasládanse a Mondoñedo, onde vivirán nunha casa fronte á catedral, brasonada coas armas familiares. Nesta cidade o mozo José comezou a súa formación intelectual, que viña marcada pola pegada do seu antepasado o cóngo con dignidade de prior e prebendado da sé mindoniense Francisco Antonio Villaamil Saavedra^[5], do cal herdará na memoria familiar o interese polos estudos históricos e a nutrida biblioteca.

[1] Queremos expresar o noso agradecemento á descendente de Villaamil y Castro dona Cristina Álvarez Osorio e ao seu esposo Rubén Ruíz pola disinteresada axuda que nos brindan ao proporcionarnos a carta remitida por Rosalía ao seu antepasado así como distinta documentación e fotografías que aparecen neste artigo.

[2] MARTÍNEZ MURGUIA, M.: “Necrológica de José Villaamil y Castro”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, vol. IV, nº 38, pp. 41-42.

[3] A utilización do apelido Villaamil, co que asina os seus primeiros artigos, quedará relegado polo apelido separado con guión (Villa-amil) posiblemente para evitar equívocos con outros autores da época, este uso comeza no ano 1857. Esta sinatura é a que utilizará ata os seus últimos escritos. O artigo no que comeza o seu uso é “La maya”, *Semanario Pintoresco Español*, 1857, pp. 234-235.

[4] Esquelas, Diario ABC, 28 de setembro de 1910. Soterrado no Cemiterio de San Justo, sepultura privilexiada nº 13 de Madrid.

[5] Autor de *Memorias históricas de la Santa Iglesia de Mondoñedo*, manuscrito do ano 1763 e que se conserva no Arquivo da Catedral de Mondoñedo (AHDm).

En 1863, contrae matrimonio canónico con María del Carmen Eduviges Santiso Cora^[6], na parroquia de Santiago de Mondoñedo, pasando a vivir nunha casa propiedade da familia da rúa Progreso da vila mindoniense^[7]. Non será ata 1867 cando nacerá a súa primeira filla, Petra Joaquina e en 1868 Carlota Préxades, que falecerán aos poucos anos, a única que sobrevivirá ao matrimonio é María Josefa, que nace en 1871^[8] quen co tempo será o seu maior apoio pois fará as funcións de secretaria e transcritora dos seus traballos. Coa morte das fillas o loito non desaparece da vida do erudito, pois no 1881 falece en Madrid a súa muller o que provocará que teña un grande abatemento de ánimo e isto obrígaos a deixar o seu posto de traballo na Biblioteca Nacional de Madrid^[9] e incluso a deixar de lado durante un tempo a escritura.



José Villaamil y Castro (1908)

Fotografía inédita pertencente ao arquivo de Cristina Álvarez Osorio (ACAO)

Formación e traballos^[10]

A súa formación en Galicia terá como centro privilexiado o Seminario Conciliar de Santa Catalina de Mondoñedo, alí xunto aos rapaces que tiñan unha clara vocación sacerdotal estudaban os fillos das elites da cidade episcopal. José farao como alumno externo entre 1858 e 1865. Constatamos que toma con calma a súa aprendizaxe pois, a súa dedicación pasa por unha preparación autodidacta das ciencias histórico-artísticas, que el mesmo recordará tempo despois desta maneira:

[6] Nacida o 18 de outubro de 1842 en Santa María de Viveiro.

[7] HHDM, Libro XI de Casados de Mondoñedo, (Parroquia de Santiago), f. 40.

[8] AHDM, Libro de Bautizados Parroquia de Santiago de Mondoñedo, 1871, f. 302, vto.

[9] BN, Expediente Persoal de José Villaamil y Castro.

[10] Para aproximarnos ao seu currículo tomaremos como base e sempre de forma sintética o escrito publicado por Villaamil: *Circunstancias que reúne, títulos de que está adornado, méritos contraídos y servicios prestados por D. José Villa-amil y Castro*. Madrid: Imprenta y estereotipia de Aribau y C^a, 1881.

“había vivido, al amparo de una posición aunque modesta, independiente y casi de continuo en oscura población, entregado por completo al cultivo de los estudios históricos y a las investigaciones arqueológicas perdiendo un tiempo (si puede darse por perdido el tiempo que a las ciencias se consagra) que de haberlo aplicado al ejercicio de una profesión o industria hubiese obtenido ventajas positivas”;

vemos así como enche o erudito as súas horas de “traballos pracenteiros, alleos a calquera programa ganancioso^[11]. O seu decorrer vital transcorre entre a súa dedicación á familia, as viaxes ás escavacións arqueolóxicas e á investigación histórica no mesmo Mondoñedo ou na contorna, como nos castros de Zoñán e de Recadieira, que xunto ao seu afán pola lectura e a compra de “cuanto de Galicia se publica”^[12], amén da redacción de artigos e monografías, fan que, co tempo, a súa economía se resinta polo que se cuestiona a forma de adquirir un sustento externo ao patrimonio familiar para soste a familia e a súa dedicación á ciencia.

Seguindo o exemplo de Manuel Murguía^[13], que ingresa no Corpo Facultativo de Archiveros y Bibliotecarios^[14] do estado, e co que se aconsella, José Villaamil y Castro cuestionouse a búsqueda dunha saída semellante, pero contrariamente ao caso de Murguía que estudaba bacharelato e farmacia en Santiago, e a pesar do seu currículo en canto á obra escrita, Villaamil non posúe ningún título que o faculte para poder exercer nun posto oficial.

Con todo, entre os anos 1868 e 1873, compaxina o estudo co servizo público, así será xuíz municipal e xuíz interino de partido, fiscal municipal, presidente do colexio electoral, xurado e ocupa o cargo de edil do Concello mindoniense, noméaselle síndico segundo, e mesmo será comisionado polo concello para supervisar distintas obras de interese público ou privado que estaban a desenvolverse na cidade, actuacións que configurarán a imaxe que hoxe temos da vila, esta tarefa revela o gusto que tiña don José pola arquitectura e o urbanismo, ademais da conservación da cidade pois intervirá activamente na súa restauración; é tamén salientable como se ocupou do progreso educativo e se pon á cabeza da reivindicación dunha escola de agricultura para Mondoñedo^[15].

Con trinta e un anos, e pensando nun futuro laboral prometedor, en 1869 procura o título de Bacharel en Artes no Instituto de Ensinanza Media de Lugo^[16], pulo académico

[11] CABANO VÁZQUEZ, J. I.: *Cadernos dun cazador de bibliosaurios. José Villaamil y Castro e a Bibliografía en Galicia no Século XIX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999, pp. 25, 26.

[12] *Los pertigueros de la Iglesia de Santiago, Segunda parte*. Madrid: Imprenta Hernando, 1883.

[13] O cal felicita por carta. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía desde Mondoñedo datada o 26 de decembro de 1868, A. R. A. G.

[14] Ingresa o 27 de novembro de 1868, Cfr. LÓPEZ GÓMEZ, P.: http://tallerediciones.com/cuza_new/images/murguia-funcionario.pdf

[15] AAM, Libro de Actas y Acuerdos del Ayuntamiento de Mondoñedo año 1861-1870

[16] AILA, Expediente Académico do alumno José Villaamil y Castro, 1867-1868

que lle abra as portas a presentarse ás probas da Escuela de Diplomática madrileña, que formaba os técnicos dos arquivos na dirección destes e na lectura da documentación histórica así como tamén na súa clasificación e conservación; o 2 de xullo de 1869 obtén o título de arquivista, bibliotecario e anticuario ao superar un exame para o que estaba sobradamente preparado despois de anos de práctica nas fontes escritas da historia; dende este momento ao incorporarse á función pública, fóronlle encomendados distintos labores, así en 1871 noméaselle aspirante sen soldo da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela, neste mesmo ano a Dirección General de Instrucción Pública encoméndalle facer un informe sobre os documentos históricos, procedentes da desamortización que se encontraban dispersos no Reino de Galicia coa intención da incorporación destes ao Archivo Histórico Nacional^[17]; e xa dende 1873 deixará definitivamente Galicia, aínda que pasará as vacacións no pazo da Escoura en Alfoz, onde aproveita o tempo de lecer na redacción das súas obras, para instalarse nos distintos destinos que se lle encomendan, así exercerá na Biblioteca Universitaria de Salamanca^[18], nas bibliotecas das facultades de Farmacia e Dereito da Universidade Central, en Sevilla no Archivo de Indias, ou na Biblioteca Nacional en Madrid. Entre 1877 e 1883 impartirá historia de España na Escuela de Institutrices de Madrid.

A súa ampla experiencia en paleografía, froito de anos de traballo nese campo, propiciou o seu acceso como titular da Cátedra de Paleografía General y Crítica en la Escuela de Diplomática madrileña^[19].

[17] Tarefa que se lle encomendou de novo no ano 1887. Neste punto é preciso aclarar unha serie de datos que nos últimos anos están a poñer en dúbida o traballo deste autor, o seu afán por protexer, conservar e dar a coñecer o patrimonio moble, inmovible e xeográfico de Galicia así como especialmente o bibliográfico e documental fixeron que Villaamil tomara no seu poder o *Tumbo de Lugo*, os *Cartularios de Lorenzana y Juvia*, o *Libro de Aniversarios de la Catedral de Lugo* e uns 1500 documentos entre os que se encontran privilexios reais, bulas pontificias, testamentos de personaxes relevantes, doazóns e compras, ordenanzas, etc. adquisición que se produce cando se encontra cos arquivos eclesiásticos que foran expropiados polo estado, en moi precarias condicións de conservación en incluso a punto de ser destruídos, así o cita el, en terceira persoa, entre os seus méritos cando redacta o seu currículo: "*Ha recogido igualmente bastante número de diplomas y monumentos paleográficos, salvándolos de segura e inminente destrucción, que pertenecieron a suprimidos monasterios e iglesias de Galicia*". El nunca pretendeu facerse dono desta documentación expropiada inxustamente á Igrexa Católica. O conserva no seu poder debeuse a que era usada para a investigación e ensinanza e a pretensión que tiña era devolve-la a unha institución galega, pero tras a morte o seu xenro vendeuna no ano 1912 ao Archivo Histórico Nacional.

[18] "Por orden del Poder ejecutivo del Gobierno de la República del 9 del actual ha sido nombrado oficial de tercer grado en la sección de Bibliotecas del Cuerpo de Archiveros, bibliotecarios y Anticuarios, con el sueldo de tres mil pesetas D. José Villa-amil y Castro, en el turno de libre provisión que autoriza el art. 14 del Reglamento vigente; y por orden de la misma fecha, de la Dirección General de Instrucción Pública, ha sido destinado a prestar servicios en la Biblioteca universitaria y provincial de Salamanca", en Sección oficial e de noticias de Revista de Archivos Bibliotecas y Museos, nº3, 1874, p. 1.

[19] *Circunstancias que reúne, títulos de que está adornado, méritos contraídos y servicios prestados por D. José Villa-amil y Castro*. Madrid: Imprenta y estereotipia de Arribau y C^a, 1881, p. 2.

O traballo do erudito non se circunscribiu só a traballos nos arquivos do estado ao impartir clases de distintas materias pois tamén dedicaba parte do seu tempo á difusión da historia, arte e arqueoloxía en conferencias como as que dá no Ateneo Científico y Literario de Madrid, primeira institución onde se ensinou arqueoloxía en España ou na Sociedad Geográfica de Madrid, que axudou a fundar, así como noutras moitas institucións públicas e privadas.^[20]

Tamén en 1871, funda e participa da dirección xunto a destacados intelectuais da época a *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* e en 1880 será co-fundador do *Boletín Histórico*.

No 1877 debido á súa ampla experiencia en paleografía, pasa a facerse cargo da Cátedra de Paleografía y Crítica na Escuela de Diplomática que compaxina con estudos universitarios de dereito e así en 1879 obtén o grao de doutor en dereito civil e canónico pola Universidade Central de Madrid, polo que ao ano seguinte oposita a profesor auxiliar na Facultade de Dereito da mesma universidade^[21].

A súa boa reputación como facultativo e experto do Cuerpo de Archiveros do Estado amén de como xefe da Sección de Propiedade Intelectual fará que sexa nomeado no ano 1886, membro da delegación do Ministerio de Instrucción Pública, que representa diplomáticamente ao Reino de España, na firma da Conferencia Internacional de Berna, sobre protección das obras literarias e artísticas^[22]. Chegará a ser xefe do Negociado de Archivos, Bibliotecas e Museos da Dirección General de Instrucción Pública en 1887.

Méritos, recoñecementos e premios

Como recoñecemento á súa traxectoria profesional, institucións patrias e estranxeiras promoven o seu ingreso en círculos eruditos; deste modo admíteno no 1866 como correspondente da Real Academia da Historia^[23], en 1876 é nomeado académico da Real Academia de Ciencias de Lisboa, na súa sección de ciencias morais, políticas e belas artes^[24]; no 1883 entra a formar parte como correspondente por Sevilla da Real Academia

[20] *La Época*, Madrid, 29 de setembro de 1874; *Revista Europea*, III, 1874, p. 158. E MANSO PORTO, C.: “José Villaamil y Castro y la conservación del patrimonio monumental y artístico de la provincia de Lugo”, *Rudesindus, miscelánea de arte e cultura*, Nº9, 2013, p. 251.

[21] Coa tese: *Laudemio: naturaleza de esta protección, juicio crítico*. Discurso para obter o título de doutor en dereito civil e canónico. Madrid 9 de maio de 1879. O texto inédito da tese defendida por Villaamil y Castro atópase xunto co seu expediente personal no AHN, sección Universidades, Nº 4854, Exp. 16.

[22] BELLIDO AÑÓN, J.: “España en el Convenio de Berna, vacilaciones políticas y ambigüedades jurídicas (1883-1899)”, en Ortega Domenech, J. (Coord.), *Cuestiones actuales sobre la propiedad intelectual*. Madrid: Reus, p. 89.

[23] Admitido o 26 de xaneiro de 1866.

[24] Admitido o 21 de decembro de 1876.

de Bellas Artes de San Fernando^[25], socio e secretario da Sociedad Geográfica de Madrid, en 1884 é proposto como socio de mérito da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela^[26], e do Colegio Internacional de Ciencias, Artes y Letras de Milan así como da Real Academia Galega.

A súa dedicación ao estudo da historia e arte de Galicia e, máis especificamente á historia da provincia de Lugo, recoñeceráselle co nomeamento en 1875 por parte da Deputación Provincial como Cronista Oficial da Provincia de Lugo^[27].

Outorgaráselle ao longo da súa vida, diferentes premios e condecoracións así foi galardoadado co Jacinto de Oro nos Xogos Florais da Coruña no ano 1861^[28], ou a Escribanía de Plata concedida polo Cabido da Catedral de Santiago en 1880^[29], e dous accésits do Liceo Artístico Literario de Lugo e nos Xogos Florais de Santiago nos anos 1867 e 1875 respectivamente^[30]. Medalla de Ouro da Exposición Histórico Europea en 1896, pola súa contribución á mesma. En 1901 concédennlle, polos seus méritos e contribución, por parte do Estado Español a Gran Cruz da Orden de Isabel la Católica^[31]

Breves apuntamentos da súa produción científica

No ano 1855, con dezasete anos, publica o que o autor denomina un “embrión arqueolóxico”, que foi o seu primeiro artigo no *Semanario Pintoresco Español*, titulado “La Catedral de Mondoñedo”^[32], vemos así como o erudito comeza a súa andaina no mundo lite-

[25] Admitido o 10 de decembro de 1883. RABASE, *Libro de Actas de las sesiones particulares, ordinarias, generales, extraordinarias, públicas y solemnes, (1752-1984)*, p. 335.

[26] Na proposta de nomeamentos, que foi aprobada, tamén estaban o cóengo Antonio López Ferreiro, o catedrático da Universidade de Santiago José María Fernández Sánchez e o historiador Manuel Martínez Murguía. “Informe presentado a la Sociedad Económica de Amigos del País sobre nombrar socios de mérito a los primeros historiadores y anticuarios de Galicia, siendo ponente el director-propietario de Galicia Diplomática”, Galicia Diplomática II, nº 28 (23 de xaneiro de 1884), pp. 201-203.

[27] MANSO PORTO, C.: “José Villaamil y Castro y la conservación del patrimonio monumental y artístico de la provincia de Lugo”, *Rudesindus, miscelánea de arte e cultura*, 9, 2013, pp. 237- 264.

[28] Polo seu traballo: *Situación del Monte Medulio y sus incidencias históricas*. En: *Circunstancias que reúne...*, p. 3.

[29] Premio á súa *Reseña histórica de la cultura y riqueza de Galicia durante el siglo XII ...* Traballo inédito desaparecido.

[30] Polos seus traballos *Memoria sobre san Froilan y su siglo, en sus mutuas relaciones, estudio histórico e Memoria sobre las colonias de origen griego en Galicia, su historia y su influjo bajo los aspectos económico y social*.

[31] Real Decreto de 7 de outubro de 1901. CABANO VÁZQUEZ, J. L.: *Cadernos...*, p. 33.

[32] “La Catedral de Mondoñedo”, *Semanario Pintoresco Español*, Nº42, Madrid, 14 de outubro de 1855, p. 321.

rario cun tema histórico-artístico, no que tamén se interesa por tratar temas relacionados non só coa arte senón tamén coa biografía e a etnografía^[33], unha produción que pasará amplamente das duascenas referencias bibliográficas^[34].

Nun primeiro momento o seu interese centrábase nos monumentos da vila de Mondoñedo^[35], e nos xacementos arqueolóxicos da súa contorna que mesmo visita e escavaba, pero pouco a pouco vai ampliando o campo de estudo abríndose a toda a provincia de Lugo, así serán obxecto do seu interese igrexas como a de San Martiño de Mondoñedo^[36], a igrexa gótica dos franciscanos da cidade de Lugo ou Viveiro e a de Santa María de Meira^[37]. Villaamil non só estudará o patrimonio relixioso senón que o seu gusto ampliase tamén á arquitectura civil, bo exemplo disto último é o seu traballo sobre a fortificación que domina a vila de Vilalba^[38] ou o amplo artigo que publica na revista *Galicia Histórica* sobre o Hospital Real de Santiago^[39], pero tamén lle interesan os xacementos arqueolóxicos por el descubertos^[40]. Nestas investigacións tampouco se limitará á área xeográfica provincial e así, pouco a pouco, sen deixar de lado os monumentos lucenses, amplía o campo das súas investigacións a outros puntos de Galicia, entre os que destacan a Catedral de Santiago^[41], os monumentos de Pontevedra^[42] ou os da provincia de Ourense^[43]. Así mesmo redactará estudos xerais sobre a arquitectura relixiosa en Galicia na Idade Media^[44].

[33] “Mariscal Pardo de Cela”, *Semanario Pintoresco Español*, 22 de febrero de 1857, pp. 61-63; “La Malla: artículo de costumbres rurales”, *Semanario Pintoresco Español*, 20 de xuño de 1857, pp. 234-235.

[34] Véase: CABANO VÁZQUEZ, J. I.: *Cadernos dun cazador de bibliosaurios. José Villaamil y Castro e a Bibliografía en Galicia no Século XIX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999.

[35] Manso Porto, C.: “José Villaamil y Castro y la conservación del patrimonio monumental y artístico de la provincia de Lugo”, *Rudesindus, miscelánea de arte y cultura*, Nº 1. 9, 2013, pp. 17-23.

[36] “San Martín de Mondoñedo”, *Semanario Pintoresco Español*, 6 de diciembre de 1857, pp. 387-391.

[37] *Santa María de Meira*. Lugo: Imprenta de Gerardo Castro, 1897.

[38] “El Castillo de Villalba: Descripción e historia”, *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 1872, pp. 23-25.

[39] “Reseña histórica de la erección del Gran Hospital Real de Santiago, fundado por los Reyes Católicos”, *Galicia Histórica*, T. I, T. II, 1902- 1903, pp. 227-250, 289-312, 353-397, 775-783, 449-480, 513-546, 577-606 y 624-637.

[40] *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*. Parte I. Lugo: Imprenta Soto Freire, 1873.

[41] “La Catedral de Santiago: Su historia y descripción sus accesorios y mobiliario”, *El Arte en España*, nº VII, 1869, pp.78-82, 108-110, 149-154 e 279-299.

[42] “Pontevedra monumental: Reseña arqueológica”, *Revista Archeológica*, 10 de outubro de 1888, p. 26.

[43] “La capilla monacal de Samos y la de San Miguel de Celanova y la iglesia de Santa Comba de Bande”, *Galicia Histórica*, T. II, 1903, pp. 697-719.

[44] *Iglesias gallegas de la Edad Media*. Madrid: Imprenta de San Francisco de Sales, 1904.

O concepto interdisciplinario que ten Villaamil y Castro da investigación impulsouno a evitar restrinxir a súa produción científica á arquitectura. Dende os seus primeiros escritos trata temas tan variados como os foros en Galicia^[45], as relacións civís e relixiosas no medievo^[46] ou oficios desenvolvidos pola nobreza como o de Pertigueiro^[47], pero tamén temática como a pintura mural, orfebraría, acibeques, bronzes, escultura, mobiliario, vestiduras^[48], compilacións bibliográficas^[49], a crítica e análise de obras editadas sobre Galicia^[50], a xeografía^[51] ou o estudo da escultura románica como as representación de gaiteros nos monumentos galegos^[52].

Temas examinados todos eles dende o maior rigor científico que pasaba por acudir sempre tanto ás fontes documentais como á análise das pezas ou lugares investigados así coma á súa comparación con obras coetáneas ou busca confrontar a súa opinión co parecer de expertos como Murguía, Ángel del Castillo, Bernardo Barreiro de Vázquez Varela ou Antonio López Ferreiro^[53], etc. que en ocasións lle aportan novos achádegos e visións da obra estudada.

Sen dúbida o maior logro acadado polo autor, non son o descubrimento das pinturas murais da catedral de Mondoñedo, investigar e analizar por primeira vez centos de igrexas e obras de arte moble de Galicia, ser un adiantado na prospección e escavación arqueolóxica de castros e dalos a coñecer, ser o primeiro en estudar iconograficamente

-
- [45] *Los Foros de Galicia de la Edad Media*. Madrid: Establecimiento Sucesores de Rivadeneyra, 1884.
- [46] “Estudio histórico acerca del señorío temporal de los obispos de Lugo en sus relaciones con el municipio (en la Edad Media)”. *El Eco de Galicia*, do 7 de xaneiro o 4 de febreiro de 1887, Nº 3175-3198.
- [47] *Los Pertigueros de la Iglesia de Santiago en la Edad Media*. Madrid: Imprenta de Hernando, 1883.
- [48] *La Catedral de Mondoñedo, su historia y descripción, sus pinturas murales, accesorios, mobiliario, bronzes y orfebrería, vestiduras y ropas sagradas*. Madrid: Imprenta de Manuel Galiano, 1865. *Inventarios de mobiliario litúrgico*. Madrid: Imprenta de San Francisco de Sales, 1906. É unha compilación de artigos escritos ao longo de máis de trinta anos: *Pasatiempos eruditos, colección de artículos en su mayoría sobre el mobiliario litúrgico de las iglesias gallegas, en la Edad Media*. Madrid: Nueva imprenta de San Francisco de Sales, 1907.
- [49] *Ensayo de un catálogo sistemático y crítico de algunos libros, folletos y papeles así como manuscritos que tratan en particular de Galicia*. Madrid: Imprenta de T. Fortonet, 1875.
- [50] “Notas críticas. Fueros municipales de Santiago y de su tierra [...], *Revista Crítica de Historia y Literatura*, T. II, 1896, pp. 329-331.
- [51] *Discurso acerca de la situación del monte Medulio y sus incidencias históricas*. Coruña: Hospicio de La Coruña, 1862. Ou a *Crónica de la Provincia de Lugo*. Madrid: Aquiles Ronchi, 1866.
- [52] “Algunas notas acerca de la representación de gaiteros en los monumentos de Galicia”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, T. I, 1901, pp. 33-35.
- [53] SANTOS FERNÁNDEZ, C.: *Antonio López Ferreiro (1937-1910)*. Santiago: Cabildo Catedral-Alvarellos-Consorcio, 2012.

o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago no ano 1866^[54]. A gran aportación de José Villaamil y Castro é o de ser o primeiro autor que estuda cun método científico e crítico a arte galega, como nunca antes se aplicara.

Coa súa obra contribúe a elevar a calidade da historiografía que se estaba a facer en Galicia, introducindo os métodos de traballo, que xa se usaban dende tempo atrás en Francia, como a análise da obra de arte e a súa comparación con outras do mesmo período, ou a introdución xunto ao texto de diagramas, debuxos, fotografías, plantas e alzados dos edificios e obras de arte, como apoio para facilitar unha maior comprensión da lectura, pero tamén fará uso dun vocabulario científico, que el mesmo se encarga de potenciar/impulsar a través da redacción e publicación dun dicionario especializado^[55].

A Villaamil débese o labor pioneiro en Galicia de impulsar o emprego de métodos expositivos que seguían o mesmo ritmo de introdución que no resto de España.

Villaamil especialízase na arte producida en Galicia, pero lonxe dunha concepción idéntica e de reivindicación política do nacionalismo que xorde a raíz dos ideais románticos as súas investigacións perseguen o coñecemento de toda a produción, sexa moble ou inmobile que con intención artística chegou ata nós a través dos séculos. Persegue reivindicar a Historia da Arte como disciplina científica ao mesmo nivel que a Historia.

Sente a necesidade de dar resposta á curiosidade que lle produce o pasado, especialmente o medieval, período artístico que considera o máis elaborado. Este autor desvincúlase de toda intencionalidade política e producirá unha historiografía conscientemente aséptica neste sentido, posto que os nacionalismos, na súa opinión, provocan que o historiador se encerrase en localismos que levan ao empobrecemento dos estudos históricos. Mantense deste xeito nos postulados do positivismo que busca unha Historia obxectiva e neutral.

Preocupación incesante no pensamento de Villaamil y Castro que deixa debidamente reflectida nos seus escritos é a recuperación da arquitectura medieval galega, ao reivindicar a súa calidade, segundo o docto historiador, esta merece ser estudada e difundida ao mesmo nivel cá doutros lugares, e mesmo propón a súa reconstrución seguindo os modelos da época^[56], e reclama a conservación e difusión das pezas arqueolóxicas e artísticas mobles. Estas consideracións impulsan ao avezado historiador a traballar pola fundación dun museo central para toda Galicia, con sé en Santiago de Compostela, no que se expuxese o patrimonio disperso de forma ordenada e científica, dándoo a coñecer a través de publicacións especializadas, institución na que Villaamil desexaba integrar, nos seus fondos, a súa colección particular^[57].

[54] *Descripción histórico-artística-arqueológica de la Catedral de Santiago*. Lugo: Imprenta de Soto Freire, editor, 1866.

[55] *Rudimentos de Arqueología Sagrada*. Lugo: Imprenta Soto Freire, 1867.

[56] Clara influencia das lecturas dos teóricos e arquitectos franceses do S. XIX como Eugéne Viollet le Duc.

[57] *Memoria sobre la creación de un museo arqueológico en la ciudad de Santiago...* Madrid: Imprenta del Colegio Nacional de Sordo-mudos y de Ciegos, 1887

A visión que José Villaamil y Castro manifesta nos seus escritos sobre a historia e especialmente a arte non é moi distinta da doutros estudosos coetáneos do século XIX, como Antonio López Ferreiro, Bernardo Barreiro de Vázquez Varela ou Manuel Murguía, ao manifestar unha visión da historia de corte católico tradicionalista.

A función e a forma da arte medieval, segundo este autor, teñen un único fin, e ambas son inspiradas por Deus, a de poñer en diálogo o ser humano coa divindade. Reflexión que ten as súas bases, non só na análise externa da obra senón tamén na documentación como fonte insubstituíble e indispensable para o estudo da historia polo que é fundamental a transcripción e a consulta das fontes documentais orixinais, o que axudou á formación dunha metodoloxía científica. Elabora unha historiografía de corte erudito, global, sistemática e cronolóxica dos acontecementos, ao profundar na intrahistoria e dedicando moito tempo aos pequenos detalles, como se pon de manifesto nos estudos que fai das artes mobles, bellas y secundarias de la Edad Media^[58], entre as que inclúe a música. Engade novos matices ao estudo da arte galega, que el mesmo está a construír por vez primeira e que nunca antes foran tratadas.

A súa dedicación, e poderíamos dicir paixón, pola Prehistoria e a Idade Media, na que se desenvolve o que denomina *arte cristiá*, e que conforman a maior parte da súa obra escrita, fai que fomente e promova a focalización dos estudos desas épocas entre os seus contemporáneos, así diralle por carta a Murguía, que estaba a preparar a súa famosa *Historia de Galicia*, en 1867: “...no estoy en que usted consiga mucho destinando de otro tiempo ni otra atención de la que puede disponer tratando de una historia general y temo que pierda el tiempo que vendría muy bien por la Edad Media”^[59]. Villaamil entende que hai que poñer a prioridade dos estudos históricos na investigación sistemática do medio galego, antes que escribir unha historia xeral de Galicia, pois é a época histórica máis rica en documentación e monumentos e o tempo a que menos atención se lle presta.

Estratexia que se repite nas súas misivas a outros historiadores como a que redacta a Antonio de la Iglesia González, remitida dende Mondoñedo, na que pon especial énfase no románico como fonte de estudo para o que lle pon exemplos:

“Este estilo sabe usted que estuvo muy en boga en Galicia y echó muy profundas raíces que aun hoy en día retoñan. De él tenemos copiosos ejemplares en las catedrales de Santiago y Lugo y aún Mondoñedo pertenecen a el así como los prioratos de Sar y San Martin de Mondoñedo”^[60].

Un punto fundamental na obra de José Villaamil y Castro, é a pugna constante pola conservación e recuperación do patrimonio inmoible galego, boa mostra desta afirma-

[58] Rudimentos de Arqueología Sagrada. Lugo: Imprenta Soto Freire, p. VIII.

[59] ARAG, 9 de 1867, abril. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía desde Mondoñedo.

[60] ARAG, 11 de xaneiro de 1870. Carta de José Villaamil y Castro a Antonio de la Iglesia González, remitida dende Mondoñedo.

ción é o agradecemento do presbítero Salvador Pardo Roncero, reitor de San Martiño de Mondoñedo, que ante os graves problemas estruturais do edificio pide a axuda e intercesión de Villaamil ante as autoridades do estado en Madrid para a restauración do edificio, e trala intervención do erudito o sacerdote escríbelle: “doy a usted las más expresivas gracias por su fina atención y por lo mucho que usted trabaja por sacar del olvido en que yacía este monumento auténtico de la tradición religiosa de Galicia”^[61]. Recoñecemento que mostra o importante labor de José Villaamil y Castro en favor dos bens patrimoniais de Galicia.

Os Murguía-Castro e Villaamil e a reconstrucción da historia de Galicia

Os intercambios epistolares entre Murguía e Villaamil serán moi frecuentes, tanto para trocar datos históricos sobre as obras ou personaxes relevantes de medievo galego que están a estudar, como a que lle solicita ao home de Rosalía en 1870: “¿Hay en ese archivo algo que se roce con Pardo de Cela? Por poco que fuese, a mi, que creo haber conseguido reunir cuanto hay conocido, me vendría de perlas”^[62]; como para facilitar debuxos, medidas, etc., “siento que no me mandase usted el dibujo que me ofrecía, lo espero”^[63] ou “si está usted en publicar este altar natural escríbame usted enseguida y le dibujaré, mediré, etc y todo lo que usted necesite...”^[64], e fotografías, como a que lle pide Murguía de San Martiño de Mondoñedo para a súa obra *Galicia*^[65]; tamén son frecuentes as opinións particulares sobre as obras artísticas, críticas literarias e contido das publicacións^[66], consultas sobre o adecuado dun título para unha publicación próxima a publicar^[67], ou a desesperación que lle provoca o editor lucense que teñen en común e que publicará obras de Rosalía e Murguía, Soto Freire, pois non estaba animado a imprimir novas investigacións sobre as igrexas de Galicia no medievo, ou as obras que estaban xa na imprenta non

[61] ACAO, 20 de maio de 1888, Carta de D. Salvador Pardo Roncero a José Villaamil y Castro.

[62] ARAG, 9 de abril de 1867. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[63] ARAG, 3 de novembro de 1865. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[64] ARAG, 27 de outubro de 1865. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[65] ARAG, 19 de marzo de 1865. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[66] ARAG, 9 de xuño de 1866. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[67] ARAG, 9 de xuño de 1866. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía desde Mondoñedo.

terminaban de saír como nolo certifica a resposta que lle dá Villaamil a Murguía cando lle pregunta pola súa obra *Rudimentos de Arqueología* no ano 1867, “el que salgan a la luz más tarde o más temprano los Rudimentos depende únicamente de Soto Freire que tiene en su poder todo el original desde hace meses”^[68].

Pero tamén recomendacións de como abordar o estudo dunha obra artística como a que lle fai Villaamil a Murguía de comparación das obras para poder así clasificalas, con máis acerto, en época e estilo pois “... cotejando unos monumentos con otros es el verdadero modo de adquirir conocimientos arqueológicos... usted tiene sobrado talento para ello”^[69].

O trato epistolar entre Murguía e Villaamil y Castro que nun primeiro momento ten un fin intelectual, que pasaba por un intercambio de información dos temas investigados por ambos os dous e que nalgún momento o home de Rosalía dubida da súa validez é defendido por Villaamil cando lle di a Murguía:

Mi querido amigo: no estoy conforme con usted en que las cartas no sirvan para nada, lejos de eso creo que contribuyen en mucho al esclarecimiento de la verdad arqueológica; pero aunque así no sea (que no me esforzaría mucho en asegurarlo) sirven al menos grandemente para mi distracción y enseñanza y para dar motivos a su gratísima correspondencia^[70]

palabras que o deberon convencer xa que seguiron co hábito de escribirse regularmente.

As súas relacións van afianzándose cando se coñecen en persoa e se presentan as súas respectivas familias en Santiago, o que os leva a contarse os acontecementos familiares, como o anuncio do nacemento da súa primoxénita no 1867^[71], ou mortes dalgún membro da familia como a do pai de Murguía^[72], pero tamén a consultar temas máis mundanos como o da carta redactada por Rosalía e que é o motivo deste artigo. Anos de contacto escrito e físico van facer que o seu trato sexa cada vez máis familiar, pasando dunhas despedidas formais nas primeiras misivas fronte a unha despedida familiar na que inclúe a súa esposa Carmen transmitíndolle o seu agarimo a Rosalía e a el mesmo: “mis afectos a Rosalía y de Carmen y para usted el cariño afectuoso de su verdadero amigo”^[73].

[68] ARAG, 27 de maio do 1867, 24 de xunio de 1867 e 23 de xaneiro de 1868. Cartas de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[69] ARAG, 29 de marzo do 1867. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[70] ARAG, 5 de decembro de 1874. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[71] ARAG, 21 de xaneiro de 1867. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[72] ARAG, 5 de decembro de 1874. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

[73] ARAG, 9 de xuño de 1866. Carta de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía dende Mondoñedo.

Amizade que chegará á morte de don José Villaamil no 1910, e que Murguía chora dende as páxinas do Boletín da Real Academia Galega:

Cuando la triste nueva llegó a nosotros, la sorpresa fue dolorosa, levantando en nuestras almas tantas y tan dormidas memorias, y haciendo que tomasen nueva vida, tan lejanos pensamientos, que en realidad, fue como si un mundo, pasado, olvidado, muerto, resucitase y viniese a hablarnos de lo que venia a ser ya, sombra de sombras y olvido de olvidos. De cuantos recordarán en estos momentos al pobre muerto, pocos serán los que podrán decir como nosotros que ha más de cincuenta años, que nos unió estrechamente el amor que ambos sentíamos por el estudio de las antigüedades de Galicia y cuanto con ellas se relacionaba...^[74]

Constatamos como a relación comezou nos anos sesenta do século XIX, e termina no ano 1910 ca morte do erudito.

A contribución de José Villaamil y Castro ao estudo, defensa, catalogación, denuncia e preservación do patrimonio artístico e documental galego así como ter o privilexio de ser un dos iniciadores dos estudos científicos sobre etnografía, bibliografía, arqueoloxía, historia e arte de Galicia, son de gran interese para a cultura de Galicia. As relacións de amizade e científicas coa familia Murguía-Castro axudáronlle xa non só a nivel persoal senón tamén na súa produción científica.

[74] Martínez Murguía, M.: "Necrológica de José Villaamil y Castro", *Boletín de la Real Academia Galega*, vol. IV, nº 38, pp. 41-42.

Correspondencia de José Villaamil y Castro a Manuel Martínez Murguía consultada no Arquivo da Real Academia Galega

1865, marzo, 19; junio, 21, 13; outubro, 27; novembro, 13, 21. C-525/1.

1866, xaneiro, 20; marzo, 7, C-525/2.1.

1866, maio, 20, 26, C-252/2.3.

1866, xunio, 9, C-525/3.1.

1866, agosto, 9, 29, C-525/3.2.

1866, XI-6, 10, 14, 17, XII-3, 20, 26, 27, C- 525/3.3-

1867, C-526/1.1.

1867, marzo, 22, 29, C-526/1.2.

1867, abril, 9; maio, 27, C-526/1.3.

1867, xunio 11, xullo, 24, C-526/2.1.

1867, agosto, 16; setembro, 26, decembro, 18, 29, C-526/2.2.

1868, C-526/3.1; C-526/3.3.

1870, xaneiro, 11, C- 527/1.1.

1873, xullo, 29, C-527/4.

1874, decembro, 5, C-527/5.

1896, outubro, 16, C-530/3.

Abreviaturas

Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (RABASF).

Arquivo Cristina Álvarez Osorio (ACAO).

Arquivo Histórico Nacional (AHN).

Arquivo da Real Academia Galega (ARAG).

Biblioteca Nacional de Madrid (BNM).

Boletín da Real Academia Galega (BRAG).

Instituto Lucus Augusti (ILA)

BIBLIOGRAFÍA

AAVV; *Reglamento de la Escuela Superior de Diplomática: creada en Madrid por Real Decreto de 7 de octubre de 1856 y confirmada por la de Ley de Instrucción Pública de 9 de septiembre de 1857; precedido de una introducción histórica y acompañada de la legislación vigente sobre archivos y bibliotecas*. Madrid: Imprenta de M. Rivadenyra, 1865.

BARREIRO DE VÁZQUEZ VARELA, B.: "Bibliografía de José Villaamil y Castro", *Galicia Diplomática*, 1884, T. II, pp. 226-227, 239-240.

BELLIDO AÑÓN, J.: "España en el Convenio de Berna, vacilaciones políticas y ambigüedades jurídicas (1883-1899)", en Ortega Domenech, J. (Coord.), *Cuestiones actuales sobre la propiedad intelectual*. Madrid: Reus, 2010.

CABANO VÁZQUEZ, J. I.: *Cadernos dun cazador de bibliosaurios. José Villaamil y Castro e a Bibliografía en Galicia no Século XIX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999

CAROU BARROS, P.: *Recepción de la Edad Media en la historiografía del arte gallego, José Villaamil y Castro (1838-1910)*. Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2015.

CALATRABA, J.: "La construcción romántica de la historia de la arquitectura española, 1829-1848", pp. 13-52, en Calatraba, J. (ed.), *Romanticismo y arquitectura, la historiografía arquitectónica en la España de mediados del S. XIX*, Madrid; Abadía, 2011.

FERRER Y JOU, N.: *Guía de la Real Hacienda, Estado de los empleados que componen la Real Hacienda de España, en fin de 1832*. Madrid: Imprenta de Miguel Burgo, 1833.

GARCÍA MELERO, J. R.: "La visión del Románico en la historiografía española del Neoclasicismo romántico", *Revista de la Facultad de Geografía e Historia UNED*, nº1, 1988, p.139-186.

HENARES CUÉLLAR, I.: "El arte del siglo XIX como modelo historiográfico en la formación del historiador del arte", pp. 39-54, en Teresa Sauret (ed.), *El siglo XIX a reflexión y debate*. Málaga: Universidad de Málaga, 2013.

LÓPEZ GARCÍA, J. C.: "José Villaamil y Castro pionero da arqueoloxía prehistórica en Galicia", *Brigantium*, nº 14, 2013, pp. 89-96.

——— "A influencia do celtismo na obra de José Villaamil y Castro", *Gallaecia*, nº 16, 1997, pp. 97-109.

LÓPEZ GÓMEZ, P.: Martínez de Murguía, arquiteiro. En línea: http://tallerediciones.com/cuza_new/images/murguia-funcionario.pdf

MANSO PORTO, C.: "José Villaamil y Castro y la conservación del patrimonio monumental y artístico de la provincia de Lugo", *Rudesindus, miscelánea de arte e cultura*, nº 9, 2013.

——— "José Villaamil y Castro" en: *Diccionario Biográfico de la Real Academia de la Historia*. Madrid: Real Academia de la Historia, 2013, pp. 239-266. En línea: <http://dbe.rah.es/>

——— “La colección de dibujos lucenses de José Villaamil y Castro conservados en la Real Academia de la Historia”, *Abrente*, nº 40-41, 2007-2008, pp. 313-368.

MARTÍNEZ MURGUIA, M.: *España sus monumentos y artes, su naturaleza e historia, Galicia*. Barcelona: Establecimiento Tipográfico – Editorial de Daniel Cortezo y C^a. , 1888.

——— “Necrológica de José Villaamil y Castro”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, vol. IV, nº 38, pp. 41-42.

MATO DOMINGUÉZ, J. A.: *Historiografía y nacionalismo, La construcción histórica de Galicia por los historiadores gallegos del siglo XIX y primer tercio del XX*. Memoria de Licenciatura inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 1981.

REQUEIJO ALONSO, A. B.: *Los museos eclesiásticos en Galicia*. Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2005.

SANTOS FERNÁNDEZ, C.: *Antonio López Ferreiro (1937-1910)*. Santiago: Cabido Catedral-Alvarellos-Consorcio, 2012.

SERRANO TÉLLEZ, N.: “La creación de los museos eclesiásticos de Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, nº XLIV, 1997, pp. 243-280.

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Dodro



CONCELLO DE
DODRO



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**